OS NENOS DA VARÍOLA

DOSSIER

OS NENOS DA VARÍOLA

Estreouse o 28 de Febreiro no Salón Teatro de Santiago de Compostela co seguinte equipo:

Ezequiel, Irmá Anunciación:	Isa Risco
Isabel Zendal, Inés:	Victoria Pérez
Doutor Posse Roybanes, Clemente, Irmá Custodia:	Manu Fernández
Doutor Balmis, Tomás, Irmá Valentina, Soldado:	Xosé Leis

Adaptación:	Pérez&Fernández
Dirección:	Victoria Pérez, Xosé Leis
Asistencia Dirección:	Gustavo del Río
Iluminación e Espazo Escénico:	Montse Piñeiro, Jose Manuel Faro "Coti"
Vestiario:	Mar Fraga (Deseño), María Negreira
Música:	Xabier Romero
Deseño Gráfico:	Castelo Studio
Fotografía	Foto Corsino
Produción:	Pérez&Fernández
Coprodución:	Centro Dramático Galego

interpretado por Isa Risco

interpretado por Manu Fernández

interpretado por Victoria Pérez

interpretado por Jose Leis

OS NENOS DA VARÍOLA

SINOPSE

O 30 de novembro de 1803 a **Real Expedición Filantrópica da Vacina** parte dende o porto da Coruña. Vinte e dous nenos procedentes de orfanatos de Madrid, Santiago e A Coruña conforman unha cadea humana “brazo a brazo” para facer chegar a vacina contra a varíola aos territorios de ultramar nunha das maiores xestas médicas levadas a cabo na historia da humanidade.

"Os nenos da varíola" é unha peza teatral con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos da Casa de Expósitos da Coruña e como chegaron a ser os heroes da Real Expedición Filántropica da Vacina, na que a súa heroína máis esquecida convertíuse nun dos piares máis importantes da expedición, a reitora da Casa dos Expósitos: **Isabel Zendal**.

As actrices Victoria Pérez e Isa Risco e os actores Manu Fernández e Xose Leis interpretan á ducia de personaxes que protagonizan esta historia: as monxas da Casa de Expósitos, os doutores **Balmis** e **Posse Roybanes**, os nenos protagonistas da ficción de María Solar, e a muller que finalmente fixo posible que esta Real Expedición Filantrópica se fixera realidade, **Isabel Zendal**.

Casa de expósitos, Hospital de La Caridad
A Coruña a 30 de Novembro de 1803
nome Custodia
nome Anunciación
nome Valentina

OS NENOS DA VARÍOLA

CONTEXTO HISTÓRICO

En moi poucas ocasións é máis verdade que nesta que a realidade supera á ficción.

Calquera creador de historias soñaría con imaxinar unha trama tan redonda e poderosa coma esta epopeia que ocorreu en Galicia, e que salvou ao mundo enteiro dende o porto da Coruña.

A VARÍOLA

Poñámonos en antecedentes. Temos a un vilán poderosísimo: a varíola, que no **século XVIII** xa acabara co 10% da poboación europea, que mataba a un de cada tres dos que infectaba e deixaba aos outros dous con horribles secuelas, e que saltara con nós ao novo mundo e borraba soprido a soprido a civilizacións enteiras.

A VACINA

É unha historia con serendipidade. Serendipidade que en 1796 golpea, como no seu momento a Arquímedes ou Newton, ao humilde médico rural inglés **Edgar Jenner**. O señor Jenner descobre que as campesiñas recolectoras de leite eran contaxiadas por unha especie de varíola que resultaba menos mortífera e, polo tanto, inmunizaba ás granxeiras contra a varíola humana. Jenner toma a mostra da varíola dunha granxeira e a inxecta nun neno de 8 anos. O neno enferma pero ás 48 horas recupérase totalmente, quedando inmunizado. **Vacuna/ vacina ven de vaca**.

ILUSTRACIÓN

É unha historia con urxencia, na que as cousas teñen que ocorrer xa mesmo ou xamáis, a infección progresa xeométricamente. **América enteira pide axuda a Carlos IV**. Pídelle hospitais, pídelle que poña tódolos esforzos do reino contra unha varíola que non discrimina entre ricos e pobres. Carlos IV, que vira como a varíola borraba enteiriña á dinastía dos Habsburgo, que mataba ao seu irmán e deixaba cega á súa filla, non necesitaba moita máis motivación. Estamos en plena ilustración, cada ser humano comeza a ter un pouquiño de valor.

BALMIS

É unha historia con ambición e con inxenio porque é coñecida a existencia da cura no norte de Europa, unha cura polémica porque mesturar fluidos animais con fluidos humanos é sacrílego. Pero, **como a transportamos se non hai cadea de frío**? O primeiro que se propón é levar vacas infectadas do norte de Europa en barco, pero Godoi contén tal iniciativa pola súa obxetiva imposibilidade. É entón cando Balmis suxire que **o único vacinífero posible son os nenos**.

OS EXPÓSITOS

Esta tamén é uha historia con nenos. Pero, quen vai deixar os seus fillos para que os usen como envases non retornables?

Os expósitos están un escalón por debaixo dos nenos orfos na escala de prezos da vida humana. **Na Coruña de 1803 viven 15.000 persoas, das que 1.081 son expósitos**. Abandonábanse dous á semana, algúns con laciños de cores que os identificasen, pretendendo simular que algún día volverían a por eles, pero case nunca volvían. O 70% dos expósitos morren.

O proxecto de **Balmis** é o seguinte: Inoculábase o virus no brazo dun neno, en 8 ou 9 días emerxía unha pústula, desta pústula extraíase o líquido co que se inoculaba ao neno seguinte, que conservaría fresca a vacina no seu propio organismo ata que saía a súa propia pústula, e así sucesivamente brazo a brazo.

Con esta técnica, Balmis trae de Madrid á Coruña 6 nenos nun pesado viaxe en dilixencia. Para viaxar a América **precisará 22 nenos** en total. Pero neste traxecto danse conta de que ningún dos científicos da expedición sabe coidar nenos.

ISABEL ZENDAL

Esta é unha historia con heroína: Isabel Zendal. Reitora da casa de Expósitos da Coruña, unha das persoas esquecidas pola historia ata que os achádegos documentais do periodista Antonio Lopez Mariño nola devolven con todo o seu esplendor. Sen expósitos non hai expedición, sen a persoa que os coide tampouco. Inda que as mulleres por superstición non poden subir aos barcos, Isabel Zendal acada un permiso especial da coroa que lle permite facelo como enfermeira: **a primeira enfermeira internacional en misión humanitaria da historia**.

MARÍA SOLAR

No seu libro, María Solar agasállanos contándonos unha das mais relevantes historias da humanidade dende o punto de vista do máis relevante desta historia: os nenos.

En "**Os nenos da varíola**" (**8ª edición en galego, 4ª en castelán e 2ª en catalán**), María Solar ábrenos a posibilidade de empregar esta incrible historia, que ocorreu aquí, dende aquí e para o mundo, como ferramenta de exemplo para xeracións que parten desde a idade que tiñan algúns daqueles expósitos, facéndoa comprensible e útil pra eles, porque non hai nada máis importante que facer crer a calquera neno que en calquera momento pode converterse no neno máis importante do mundo.

"Os nenos da varíola" é unha historia cun vilán universal, unha Epifanía coma a de Arquímedes, ritmo, presa, ambición, un doutor cunha determinación férrea, unha muller forte coma unha montaña, unha longuísima viaxe nun feble cascarón e… nenos!

Se estivésemos contando que fixemos un Oliver Twist, un David Copperfield, ou un Huckleberry Finn contaríamos coa vosa curiosidade seguro, verdade? Pois esta historia, afrontada con toda a paixón e humildade da que fomos capaces, que saíu de Galicia e que salvou ao mundo enteiro, cremos que as deixa pequenas.

PÉREZ&FERNÁNDEZ

OS NENOS DA VARÍOLA

EQUIPO ARTÍSTICO

VICTORIA PÉREZ - ACTRIZ

Actriz, directora, pedagoga cun amplo currículum teatral.

Leva 20 anos de carreira profesional sobre as taboas traballando para algunhas das compañías máis representativas da escena galega como Teatro do Noroeste, Teatro do Atlántico, Caramuxo Teatro... así como para O Centro Dramático Galego.

Paralelamente, no audiovisual, traballou en coñecidas producciónes para a TVG como O sabor das Margaridas, TAC, Pazo de Familia, Matalobos, Padre Casares, Libro de familia ou A vida por diante. Participou tamén en series de emisión nacional como Hospital Central, Sin tetas no hay paraíso, Toledo ou Fariña.

Actualmente codirixe a compañía Pérez & Fernández, onde desenvolve labores de adaptación, dramaturxia, dirección e interpretación. No 2008 foi galardoada co premio á mellor actriz no Festival de Teatro Galego FETEGA.

MANU FERNÁNDEZ - ACTOR

Dende o ano 2001, no que fixo a súa primeira aparición televisiva, ven traballando en numerosas producións para a TVG. A que máis popularidade lle deu foi "Libro de familia", serie da que formou parte sete anos.

Ao mesmo tempo xirou polos escenarios dos teatros galegos da man de recoñecidas compañías teatrais. E no ano 2008 foi nomeado aos premios de teatro María Casares polo seu atormentado personaxe en "A bombilla máxica", da compañía Teatro do Atlántico.

Na actualidade, forma parte da compañía Pérez&Fernández xunto con Victoria Pérez. Xa levan producido catro espectáculos.

ISABEL RISCO - ACTRIZ

Actriz, clown e pedagoga teatral.

Traballa desde o 2000 en múltiples espectáculos para as compañías Pérez&Fernández, Redrum Teatro, Ibuprofeno Teatro, Culturactiva, Os sete magníficos máis un...

Ca compañía Maquinaria Pesada, deselvolve espectáculos de produción propia como "As Vingadoras" ou "Nabiza Girl & Unha Viaxe EspaZial".

No ámbito do audiovisual, traballou como actriz en series como "Padres Casares", "A vida por diante", "O Nordés", "Air Galicia", "Era Visto!", "A Casa da Conexa", "Os Caseiros", "Casa Manola" ou "Augasquentes" e outros programas da TVG como "O Show dos Tonechos", "En Pé de Festa", "Zapping Comando", "Máxima Audiencia", "Luar", "A Solaina", "Bum Bum Bumeran", "Heicho Cantar", "Land Rober", "Tourilandia", "Land Rober Tunai Show", etc.

Na XII Edición dos Premios do audiovisual galego, recibe o Premio "Mestre Mateo" á mellor interpretación feminina de reparto polo personaxe de Dona Hortensia en "Era Visto!". Na 26ª edición do Festival de Teatro Galego do Carballiño, setembro de 2015, recibe o premio á mellor actriz polo seu papel en O Furancho de Ibuprofeno Teatro.

XOSE LEIS - ACTOR

Graduado en Pedagoxía Teatral e Técnico Superior en Producción Audiovisual.

É un actor e director con máis de vinte anos de experiencia. Na súa deriva como creador, viaxa dende a Commedia Dell'arte ata o teatro performativo, sempre na procura da verdade escénica. Esta viaxe dotando de veracidade á escena, tras pasar por publicidades de cervexa e turismo (Estrella Galicia, Xacobeo), así como con aparicións nas series galegas de máxima audiencia ("Pazo de Familia", "Mareas Vivas"), transpórtao a ser o director de escena / coach de actores na segunda e terceira tempada do programa de sketches de humor "Malo Será!".

O plantexamento escénico de "Os nenos da varíola" presenta un espazo polivalente a tres bandas onde codificar os distintos niveis narrativos da peza, permitinto crear un xogo dentro-fóra da escena, distanciar ó espectador dende o uso da silueta e os xogos visuais detrás das teas.

A proposta formal parte da estrutura dun barco que é acompañado por un deseño envolvente composto por teas, que permiten crear diversos xogos de luz e proxeccións. Así, este non-lugar inicial permite a creación de tódolos espazos da peza a través da iluminación, a imaxe, a utilería ou o pacto co público.

JOSE FARO "COTI" - ESPAZO ESCÉNICO

En Vigo, onde mora, atopa aos 24 anos un punto de conexión entre a súa traxectoria anterior e o terreo teatral.

Unha formación moi variada nutre a este titulado superior en Arte Dramática, na especialidade de Escenografía, pola ESAD de Galicia. Escenógrafo, deseñador, traballador por conta propia. Formouse no campo dos autómatas: Sistemas de Regulación e Control de Automatismos; e no do deseño de mobiliario: Desenvolvemento de Produto de Carpintería e Moble. Desta formación xorde a súa destreza á hora de situarse nun punto de vista global que abrangue dende o deseño ata a realización e construción.

Traballa como deseñador de escenografía e iluminación para diversas compañías do circuito teatral galego encargándose da realización dos seus proxectos e ofrecendo soporte técnico a outros deseñadores do país.

TEJIDO ESCÉNICO ASL PERÚN

PROYECTO DE MENOS DE VARIOLA





REFERENCIAS



MONTSE PIÑEIRO - ESPAZO ESCÉNICO

Montse Piñeiro é iluminadora e escenógrafa con máis de dez anos de experiencia.

Titulada en escenografía na ESAD de Galicia, foi premio "María Casares" no 2018 por Resaca, de Ilmaquinario Teatro.

En paralelo desenvolve unha carreira como artista multimedia que a leva a traballar co vídeo en directo e a animación, ademáis de colaboracións en varios videoclips como directora de arte e axudante de fotografía.

HOSPICIO

HOSPITAL



EXTERIORES



ESPAZOS SIMBÓLICOS

Da multiplicidade de personaxes interpretados por só catro actores, xurde a idea clave na concepción do vestiario: a síntesis; unha síntesis que non só é funcional, se non que é un exercicio de estilo. O reto é, sobre unha base que se vai transformando, definir con só unha peza do vestiario cada personaxe, isto axuda a que os catro actores poidan transformarse en quince personaxes diferentes, a ritmo trepidante.

MAR FRAGA - DESEÑO VESTIARIO

Mar Fraga leva máis de 15 anos traballando no mundo do deseño de vestiario. Figurinista en cine: “Maria Solinha”, “A Esmorga”, pola que conseguiu un Premio Mestre Mateo, “Sicixia” e “Olvido y León”. En televisión deseñou o vestiario das series “A Estiba”, “Viradeira” e “O Faro”.

En teatro, traballou no Teatre Nacional e no Lliure de Barcelona, e xa en Galicia deseñou “Divinas Palabras Revolution” e “Os nenos da variola”.

Isabel

Dr. Balais

Inès

ESCENA XVIII - "Clemente e Ezequiel, nenos do hospicio".

Clemente Ezequiel, ti tes medo?
Ezequiel Un pouco si, claro.
Clemente Agora que se achega o día máis, verdade?
Ezequiel Máis si.
Clemente E cando volveremos?
Ezequiel Non imos volver, teremos alí unha casa nova, unha casa con pais, iremos á escola.
Clemente Nas Américas haberá lobos?
Ezequiel Non hai lobos, nin leóns, nin tigres, seguro.
Clemente Terán chourizo e pan?
Ezequiel Terán de todo. E tamén algunhas comidas novas.
Clemente E ti pensas que os nosos pais nos tratarán ben?
Ezequiel Si, xa nolo dixo o doutor Balmis, imos ser heroes.



Clemente E pensas que nos van separar?
Ezequiel Eu non quero que nos separen. Home, non creo que vaiamos á mesma casa, pero seguro que nos vemos, non van ser tan grandes as Américas como para non atoparnos nunca, non?
Clemente Claro, serán coma A Coruña, ou unha cousa así… Se me tiveses que buscar pola vila, antes ou despois dariamos un co outro.
Ezequiel Supoño que si... si! Claro que si!

PÉREZ&FERNÁNDEZ

A COMPAÑÍA

Pérez&Fernández é unha compañía de teatro que en moi poucos anos está a consolidarse dentro do panorama teatral galego. Dende a súa creación, estrearon tres producións teatrais de pequeno e mediano formato para gran variedade de públicos, e cun alto grao de calidade e rigor nas súas propostas artísticas.

30 | CULTURA | Luxes, 24 de febrero del 2020 | La Voz de Galicia

CRÍTICA DE MÚSICA

Binomio sentimental Schumann-Brahms

«Os nenos da varíola» de María Solar pasan do papel ás táboas do teatro

Pérez & Fernández adaptan o texto nunha proposta escénica para todos os públicos

Un respecto rigoroso polos aspectos científicos da historia

RAG ofrece o acceso de balde a oito cursos sobre Rosalía de Castro

PÉREZ&FERNÁNDEZ - ESPECTÁCULOS

Distribuidora:

info@urdime.net
981 937 424
619 920 335
679 946 957

Pérez&Fernández

Victoria Pérez & Manu Fernández
657 36 37 35 - 636 56 68 90
cia.perezyfernandez@gmail.com
www.perezyfernandez.com